



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO DIRECTOR, MONITORES E ADMINISTRADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CAMIÑO DA CHAIRA VI DE CASTRO DE REI.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde do Concello de Castro de Rei, (Lugo), en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

RESOLVO

Primeiro.- Nomear como membros do Tribunal para a selección de director/a, administrador/a e persoal docente (dous monitores/as albaneis e un monitor/a de pintura) do Obradoiro de emprego Camiño da Chaira VI de Castro de Rei, para a contratación temporal ao abeiro da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de data oito de setembro de 2021, que tivo entrada no concello co nº 2.339 de 10 de setembro de 2021, pola que se aproba unha subvención para o proxecto de "Obradoiro de Emprego Camiño da Chaira VI" así como notificación do citado órgano autonómico de data trece de setembro de 2021, que tivo entrada no concello co nº 2.371, de 15 de setembro de 2021, relativa a erro no importe para gastos de formación e funcionamento e no código relativo a Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización; e tendo en conta as Bases reguladoras do proceso de selección aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 540/2021, de data de 17 de setembro, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE:

- Dona María del Mar Iglesias García, Coordinadora de Orientación Laboral.

VOGAIS:

-Dona María Silva Taboada, Interventora do Concello de Cospeito.

-Dona Rut Presas Pardo, Tesoureira do Concello de Cospeito.

-Dona Cristina Castro Fuentes, Secretaria do Concello de Cospeito.

SECRETARIA:

-Dona María Josefa Fernández Legaspi, Secretaria do Concello de Castro de Rei.

Segundo.- Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar para o día xoves, 7 de outubro de 2021, ás dez horas e trinta minutos, para a selección do persoal de dirección, ás once horas e trinta minutos para a selección do persoal administrador, ás doce horas e trinta minutos para a selección do persoal monitores albanel e ás trece horas e trinta minutos para a selección do persoal monitor de pintura.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.





Cod. Validación: 5LLMVEWX3YDLCHHZNDM5LNDG7 | Corrección: <https://castroderai.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2